



RESOLUCIÓN DA XERENCIA, DO 26 DE XUÑO DE 2020, POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS.

Na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 85, 04-05-2015), régulase a acumulación de tarefas no artigo 23.d), co seguinte texto:

*“Sección 3ª. Persoal funcionario interino*

*Artigo 23. Concepto e requisitos*

*1. Teñen a condición de persoal funcionario interino as persoas que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeadas en tal condición para o desempeño de funcións propias do persoal funcionario de carreira.*

*2. Para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:*

...

*d) O exceso ou a acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses.*

...”

Coa finalidade de organizar, racionalizar e axustar a selección de persoal funcionario interino unicamente aos casos establecidos no precepto legal transcrito e evitar deste xeito tanto un incremento do gasto en capítulo I, e o seu imprescindible axustamento ao límite establecido no artigo 34 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2020 (DOG núm. 246, 27-12-2020), como as consecuencias negativas que no ámbito laboral conlevan os incumprimentos da normativa en materia de persoal, faise necesario adoptar as seguintes medidas:

Primeira.- A solicitude de selección de persoal funcionario interino por acumulación de tarefas que realice un centro, servizo ou unidade á Xerencia, deberá fundamentarse nunha memoria xustificativa das causas que a motivan e, na que deberán explicarse polo miúdo:

- As circunstancias que dan lugar á solicitude.
- As razóns da excepcionalidade da situación.
- A non reiteración da causa que motiva a solicitude.
- A imposibilidade de realizar as tarefas que motivan a solicitude polo persoal habitual do centro, servizo ou unidade.
- Todas aquelas outras que se consideren necesarias para xustificar a solicitude.

Código Seguro De Verificación	TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	26/06/2020 09:44:22
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==">https://sede.udc.gal/services/validation/TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==</a>		





Segunda.- Limitase, con carácter xeral, no ámbito da Universidade da Coruña, a duración máxima legal do nomeamento do persoal funcionario interino por acumulación de tarefas a catro meses nun período de doce.

Esta limitación poderá excepcionalmente acadar o máximo de seis meses previstos na lei naqueles casos en que se xustifique, sen ningunha dúbida, que é imprescindible para o normal funcionamento do centro, servizo ou unidade.

O cómputo do período máximo de prestación de servizos vincúlase ao centro, servizo ou unidade.

Asinado dixitalmente polo xerente da Universidade da Coruña.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	<b>Asinado</b>	26/06/2020 09:44:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==">https://sede.udc.gal/services/validation/TVH1+F6XB0EEHZTbCwsZAg==</a>		

